

TALLERES DE COCIÑA DA FILLOA DA PEDRA
“MASTER CLASS FILLOAS CHEF”
08 DE MARZO DE 2015

A Asociación da Filloa da Pedra da Baña, en colaboración co Concello da Baña, como actividade enmarcada dentro da programación a realizar na XII Festa da Filloa da Pedra, convoca os TALLERES DE COCIÑA DA FILLOA DA PEDRA “MASTER CLASS FILLOAS CHEF”, coas seguintes bases:

1º.- TALLERES DE COCIÑA DA FILLOA DA PEDRA “MASTER CLASS FILLOAS CHEF”, modalidade infantil:

- 1.1 Poderán participar aqueles/as rapaces/as que teñan entre 8 e 14 anos.
- 1.2 Entregaráselles dúas receitas, unha doce e unha salgada, sempre coa filloa da pedra como base, e os produtos necesarios para a súa elaboración. Disporán tamén do material de cociña preciso para a preparación dos pratos.
- 1.3 Os/As participantes disporán dun tempo limitado de vinte minutos para a elaboración de cada prato, baseados nas receitas proporcionadas.

2º.- TALLERES DE COCIÑA DA FILLOA DA PEDRA “MASTER CLASS FILLOAS CHEF”, modalidade adultos:

- 2.1 As persoas participantes terán que idear dous pratos, sempre coa filloa da pedra como base.
- 2.2 Poñerase á súa disposición unha despensa con variedade de produtos, na que ao comezo da proba, e nun tempo limitado, as persoas participantes poderán coller todos aqueles que precisen para a elaboración do seu prato. Disporán tamén do material de cociña preciso para a preparación dos pratos.
- 2.3 Unha vez rematado o tempo na despensa, os/as participantes non poderán volver entrar nela para coller máis produtos.
- 2.4 Os/As participantes disporán dun tempo limitado de trinta minutos para a elaboración de cada prato.

2º.- A participación nestes talleres será de balde.

3º.- Ao remate da elaboración dos pratos, un xurado composto por tres persoas con experiencia e relacionadas co mundo da cociña e da filloa da pedra avaliará tanto o proceso de elaboración coma o resultado final do prato, valorando sabor, presentación, dificultade, etc.

4º.- Dende o momento da presentación dos pratos ao certame, os dereitos sobre as receitas presentadas e as fotos que se lles fagan aos pratos pasarán a ser propiedade do Concello da Baña.

5º.- Recórdaselles aos participantes que deberán seguir unhas normas mínimas de hixiene alimentaria durante todo o proceso de elaboración dos alimentos.

6º.- Se a calidade dos pratos así o suxire, poderase declarar deserto os premios dos Talleres. O Xurado terá plenos poderes para decidir sobre calquera dúbida ou incidencia que xurda durante os Talleres. As decisións do Xurado son inapelables.

7º.- Outorgaranse dous premios: un nos talleres infantís, que consistirá nunha tablet e un diploma acreditativo do premio, e outro nos talleres adultos, que consistirá nunha cea no Restaurante D’Antaño de Bertamiráns, valorada en 100 € A tódolos concursantes se lles fará entrega dun diploma en agradecemento pola súa participación. Os premios entregaranse o mesmo día 08 de marzo, ás 18:00 horas, no transcurso da **XII Festa da Filloa da Pedra (Pavillón Municipal)**.

8º.- A presentación ao Certame implica a aceptación destas bases.

A Baña, a 02 de marzo de 2015.